

**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
CURSO 2019/2020**

CENTRO: IES AS BIZOCAS

CURSOS: 1.º, 3º E 4º ESO

DEPARTAMENTO: BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

O alumnado coa primeira e/ou segunda avaliación suspensa/s, traballará na terceira avaliación cos estándares imprescindibles de dita/s avaliación/s, mediante actividades de reforzo, repaso e recuperación coa finalidade de recuperar dita/s avaliacións/s suspensa/s. **Ditos estándares están escritos en negro.**

Os estándares **marcados en verde** son os que se tentará traballar, na medida do posible, nesta 3ª avaliación nas **actividades de ampliación** co alumnado que xa ten a 1ª e 2ª avaliacións aprobadas.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 1º ESO		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	COMPETENCIAS
E.A. AVALIADOS EN TÓDALAS AVALIACIÓNS		
B1.2. Procurar, seleccionar e interpretar a información de carácter científico, e utilízala para formar unha opinión propia, expresarse con precisión e argumentar sobre problemas relacionados co medio natural e a saúde.	BXB1.2.1. Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes.	CD CAA
	BXB1.2.3. Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados.	CAA CCL
B5.4. Participar, valorar e respectar o traballo individual e en equipo.	BXB5.4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.	CSC CSIEE
EA CORRESPONDENTES Á 1ª AVALIACIÓN		
B2.2. Expor a organización do Universo e do Sistema Solar, así como algunhas das concepcións que sobre este sistema planetario se tiveron ao longo da historia.	BXB2.2.1. Recoñece os compoñentes do Universo e do Sistema Solar, e describe as súas características xerais.	CMCCT
B2.3. Relacionar comparativamente a posición dun planeta no sistema solar coas súas características.	BXB2.3.1. Precisa as características que se dan no planeta Terra que permiten o desenvolvemento da vida nel, e que non se dan nos outros planetas.	CMCCT
B2.5. Establecer os movementos da Terra, da Lúa e do Sol, e relacionalos coa existencia do día e a noite, as estacións, as mareas e as eclipses.	BXB2.5.2. Interpreta correctamente en gráficos e esquemas fenómenos como as fases lunares e as eclipses, e establece a súa relación coa posición relativa da Terra, a Lúa e o Sol.	CMCCT
B2.6. Identificar os materiais terrestres segundo a súa abundancia e a distribución nas grandes capas da Terra.	BXB2.6.1. Describe as características xerais dos materiais máis frecuentes nas zonas externas do planeta e xustifica a súa distribución en capas en función da súa densidade.	CMCCT
B2.7. Recoñecer as propiedades e as características dos minerais e das rochas, distinguir as súas aplicacións máis frecuentes e salientar a súa importancia económica e a xestión sustentable.	BXB2.7.1. Identifica minerais e rochas utilizando criterios que permitan diferenciarlos.	CMCCT CAA
	BXB2.7.2. Describe algunhas das aplicacións máis frecuentes dos minerais e das rochas no ámbito da vida cotiá.	CCEC
EA CORRESPONDENTES Á 2ª AVALIACIÓN		
B2.8. Analizar as características e a composición da atmosfera, e as propiedades do aire.	BXB2.8.1. Recoñece a estrutura e a composición da atmosfera.	CMCCT
B2.8. Analizar as características e a composición da atmosfera, e as propiedades do aire.	BXB2.8.3. Identifica e xustifica con argumentacións sinxelas as causas que sustentan o papel protector da atmosfera para os seres vivos.	CMCCT
B2.9. Investigar e recoller información sobre os problemas de contaminación ambiental actuais e as súas repercusións, e desenvolver actitudes que contribúan á súa solución.	BXB2.9.1. Relaciona a contaminación ambiental coa deterioración ambiental, e propón accións e hábitos que contribúan á súa solución.	CSC CSIEE
B2.10. Recoñecer a importancia do papel protector da atmosfera para os seres vivos e considerar as repercusións da actividade humana nela.	BXB2.10.1. Relaciona situacións en que a actividade humana interfere coa acción protectora da atmosfera.	CSC

B2.12. Interpretar a distribución da auga na Terra, así como o ciclo da auga e o uso que fai dela o ser humano.	BXB2.12.1. Describe o ciclo da auga en relación cos seus cambios de estado de agregación.	CMCCT
B2.13. Valorar e identificar a necesidade dunha xestión sustentable da auga e de actuacións persoais e colectivas que potencien a redución do consumo e a súa reutilización.	BXB2.13.1. Comprende e identifica o significado da xestión sustentable da auga doce, e enumera medidas concretas que colaboren nesa xestión.	CSC CSIEE
B3.4. Caracterizar os principais grupos de invertebrados e vertebrados.	BXB3.4.2. Recoñece exemplares de vertebrados e asígnalos á clase á que pertencen.	CMCCT
EA DA 3ª AVALIACIÓN (AMPLIACIÓN PARA O ALUMNADO QUE APROBOU A 1 E 2ª AVALIACIÓN)		
B3.2. Categorizar os criterios que serven para clasificar os seres vivos e identificar os principais modelos taxonómicos aos que pertencen os animais e as plantas máis comúns.	BXB3.2.1. Identifica e recoñece exemplares característicos de cada un destes grupos, e salienta a súa importancia biolóxica.	CMCCT
B3.3. Describir as características xerais dos grandes grupos taxonómicos e explicar a súa importancia no conxunto dos seres vivos.	BXB3.3.1. Discrimina as características xerais e singulares de cada grupo taxonómico.	CMCCT
B3.4. Caracterizar os principais grupos de invertebrados e vertebrados.	BXB3.4.1. Asocia invertebrados comúns co grupo taxonómico ao que pertencen.	CMCCT
B3.4. Caracterizar os principais grupos de invertebrados e vertebrados.	BXB3.4.2. Recoñece exemplares de vertebrados e asígnalos á clase á que pertencen.	CMCCT
B3.5. Coñecer e definir as funcións vitais das plantas e a súa importancia para a vida, e caracterizar os principais grupos de plantas.	BXB3.5.1. Detalla o proceso da nutrición autótrofa e relaciónao coa súa importancia para o conxunto de todos os seres vivos.	CMCCT
	BXB3.5.2. Describe as características xerais e singulares dos principais grupos de plantas.	CMCCT
B3.7. Determinar a partir da observación as adaptacións que permiten aos animais e ás plantas sobrevivir en determinados ecosistemas, con especial atención aos ecosistemas galegos.	BXB3.7.1. Identifica exemplares de plantas e animais propios dalgúns ecosistemas ou de interese especial por seren especies en perigo de extinción ou endémicas.	CMCCT
	BXB3.7.2. Relaciona coa súa adaptación ao medio a presenza de determinadas estruturas nos animais e nas plantas máis comúns.	CAA CMCCT
	BXB3.7.3. Identifica exemplares de plantas e animais propios dos ecosistemas galegos.	CCEC
B4.1. Diferenciar os compoñentes dun ecosistema.	BXB4.1.1. Identifica os compoñentes dun ecosistema.	CMCCT
B4.2. Identificar nun ecosistema os factores desencadeantes de desequilibrios e establecer estratexias para restablecer o seu equilibrio.	BXB4.2.1. Recoñece e enumera os factores desencadeantes de desequilibrios nun ecosistema.	CMCCT
B4.3. Recoñecer e difundir accións que favorezan a conservación ambiental.	BXB4.3.1. Selecciona accións que preveñen a destrución ambiental.	CSC CSIEE

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 3º ESO

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Temporalización			COMPE- TENCIAS
		1ª Av	2ª Av	3ª Av	
B1.1. Utilizar adecuadamente o vocabulario científico nun contexto preciso e adecuado ao seu nivel.	BXB1.1.1. Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico e exprésase con corrección, tanto oralmente como por escrito	x	x	x	CCL, CMCC
B1.2. Procurar, seleccionar e interpretar a información de carácter científico e utilízala para formar unha opinión propia, expresarse con precisión e argumentar sobre problemas relacionados co medio natural e a saúde.	BXB1.2.1. Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes	x	x	x	CD, CAA
	BXB1.2.2. Transmite a información seleccionada de xeito preciso utilizando diversos soportes.	x	x	x	CD, CCL
	BXB1.2.3. Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados.	x	x	x	CAA, CCL
B1.3. Realizar un traballo experimental con axuda dun guión de prácticas de laboratorio ou de campo, describir a súa execución e interpretar os seus resultados.	BXB1.3.1. Coñece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, e coida os instrumentos e o material empregado	x	x	x	CMCCT, CSC
B3.9. Investigar as alteracións producidas por distintos tipos de substancias aditivas, e elaborar propostas de prevención e control.	BXB3.9.1. Detecta as situacións de risco para a saúde relacionadas co consumo de substancias tóxicas e estimulantes, como tabaco, alcohol, drogas, etc., contrasta os seus efectos nocivos e propón medidas de prevención e control.	x	x	x	CSC CSIEE
B2.1. Recoñecer que os seres vivos están constituídos por células e determinar as características que os diferencian da materia inerte.	BXB2.1.1. Diferencia a materia viva da inerte partindo das características particulares de ambas	x			CMCCT
	BXB2.1.2. Establece comparativamente as analogías e as diferenzas entre célula procariota e eucariota, e entre célula animal e vexetal.	x			CMCCT
B2.2. Describir as funcións comúns a todos os seres vivos, diferenciando entre nutrición autótrofa e heterótrofa.	BXB2.2.1. Recoñece e diferencia a importancia de cada función para o mantemento da vida.	x			CMCCT
	BXB2.2.2. Contrasta o proceso de nutrición autótrofa e nutrición heterótrofa, e deduce a relación entre elas.	x			CMCCT
B3.1. Catalogar os niveis de organización da materia viva (células, tecidos, órganos e aparellos ou sistemas) e diferenciar as principais estruturas celulares e as súas funcións.	BXB3.1.1. Interpreta os niveis de organización no ser humano e procura a relación entre eles.	x			CAA
	BXB3.1.2. Diferencia os tipos celulares e describe a función dos órganos máis importantes.	x			CMCCT
B3.2. Diferenciar os tecidos máis importantes do ser humano e a súa función.	BXB3.2.1. Recoñece os principais tecidos que conforman o corpo humano e asóciaos á súa función	x			CMCCT
B3.11. Recoñecer a diferenza entre alimentación e nutrición, e diferenciar os principais nutrientes e as súas funcións básicas.	BXB3.11.1. Discrimina o proceso de nutrición do da alimentación.	x			CMCCT
	BXB3.11.2. Relaciona cada nutriente coa súa función no organismo, e recoñece hábitos nutricionais saudables.	x			CMCCT
B3.13. Argumentar a importancia dunha boa alimentación e do exercicio físico na saúde, e identificar as doenzas e os trastornos principais da conduta alimentaria.	BXB3.13.1. Valora e determina unha dieta equilibrada para unha vida saudable e identifica os principais trastornos da conduta alimentaria.	x			CAA CSC
B3.14. Explicar os procesos fundamentais da nutrición, utilizando esquemas gráficos dos aparellos que interveñen nela.	BXB3.14.1. Determina e identifica, a partir de gráficos e esquemas, os órganos, os aparellos e os sistemas implicados na función de nutrición, e relaciónao coa súa contribución no proceso.	x	x		CMCCT
B3.15. Asociar a fase do proceso de nutrición que realiza cada aparello implicado.	BXB3.15.1. Recoñece a función de cada aparello e de cada sistema nas funcións de nutrición.	x	x		CMCCT
B3.16. Identificar os compoñentes dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor, e coñecer o seu funcionamento.	BXB3.16.1. Coñece e explica os compoñentes dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor, e o seu funcionamento	x	x		CMCCT
B3.17. Indagar acerca das doenzas máis habituais nos aparellos relacionados coa nutrición, así como sobre as súas causas e a maneira de previlas	BXB3.17.1. Diferencia as doenzas máis frecuentes dos órganos, os aparellos e os sistemas implicados na nutrición, e asóciaos coas súas causas.	x	x		CMCCT
B3.8. Recoñecer e transmitir a importancia que ten a prevención como práctica habitual e integrada nas súas vidas e as consecuencias positivas da doazón de	BXB3.8.1. Detalla a importancia da doazón de células, sangue e órganos para a sociedade e para o ser humano.		x		CSC

células, sangue e órganos.					
B3.29. Valorar e considerar a súa propia sexualidade e a das persoas do contorno, e transmitir a necesidade de reflexionar, debater, considerar e compartir.	BXB3.29.1. Actúa, decide e defende responsablemente a súa sexualidade e a das persoas do seu contorno		x		CSC, CCEC
B3.3. Descubrir, a partir do coñecemento do concepto de saúde e doenza, os factores que os determinan.	BXB3.3.1. Argumenta as implicacións dos hábitos para a saúde, e xustifica con exemplos as eleccións que realiza ou pode realizar para promovelas individual e colectivamente.			X	CSC
B3.4. Clasificar as doenzas e determinar as infecciosas e non infecciosas máis comúns que afectan a poboación (causas, prevención e tratamentos).	BXB3.4.1. Recoñece as doenzas e as infeccións máis comúns, e relaciónaaas coas súas causas.			X	CMCCT
	BXB3.4.2. Distingue e explica os mecanismos de transmisión das doenzas infecciosas.			X	CMCCT
B3.7. Determinar o funcionamento básico do sistema inmune e as continuas contribucións das ciencias biomédicas, e describir a importancia do uso responsable dos medicamentos.	BXB3.7.1. Explica en que consiste o proceso de inmunidade, e valora o papel das vacinas como método de prevención das doenzas.			X	CMCCT CSC
B3.19. Explicar a misión integradora do sistema nervioso ante diferentes estímulos, e describir o seu funcionamento.	BXB3.19.1. Identifica algunhas doenzas comúns do sistema nervioso e relaciónaaas coas súas causas, cos factores de risco e coa súa prevención.			X	CMCCT
B3.20. Asociar as principais glándulas endócrinas coas hormonas que sintetizan e coa súa función	BXB3.20.1. Enumera as glándulas endócrinas e asocia con elas as hormonas segregadas e a súa función.			X	CMCCT
B3.25. Referir os aspectos básicos do aparello reprodutor, diferenciar entre sexualidade e reprodución, e interpretar debuxos e esquemas do aparello reprodutor.	BXB3.25.1. Identifica en esquemas os órganos do aparello reprodutor masculino e feminino, e especifica a súa función.			X	CMCCT
B3.27. Comparar os métodos anticonceptivos, clasificalos segundo a súa eficacia e recoñecer a importancia dalgúns deles na prevención de doenzas de transmisión sexual.	BXB3.27.1. Discrimina os métodos de anticoncepción humana.			X	CMCCT
	BXB3.27.2. Categoriza as principais doenzas de transmisión sexual e argumenta sobre a súa prevención.			X	CMCCT, CSC, CCEC

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 4º ESO		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	COMPE- TENCIAS
EA AVALIADOS EN TÓDALAS AVALIACIÓNS		
B4.3. Discriminar e decidir sobre as fontes de información e os métodos empregados para a súa obtención.	BXB4.3.1. Utiliza fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.	CAA CCL CMCCT CD
B4.4. Participar, valorar e respectar o traballo individual e en grupo.	BXB4.4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.	CAA CSC CSIEE
EA CORRESPONDENTES Á 1ª AVALIACIÓN		
B1.1. Determinar as analogías e as diferenzas na estrutura das células procariotas e eucariotas, e interpretar as relacións evolutivas entre elas.	BXB1.1.1. Compara a célula procariota e a eucariota, a animal e a vexetal, e recoñece a función dos orgánulos celulares e a relación entre morfoloxía e función.	CAA CMCCT
	BXB1.1.2. Identifica tipos de células utilizando o microscopio óptico, micrografía e esquemas gráficos.	CD CAA
B1.2. Identificar o núcleo celular e a súa organización segundo as fases do ciclo celular, a través da observación directa ou indirecta.	BXB1.2.1. Distingue os compoñentes do núcleo e a súa función segundo as etapas do ciclo celular.	CCL CAA
B1.4. Formular e identificar os principais procesos que teñen lugar na mitose e na meiose, e revisar o seu significado e a súa importancia biolóxica	BXB1.4.1. Recoñece as fases da mitose e meiose, diferencia ambos os procesos e distingue o seu significado biolóxico.	CMCCT CAA
B1.13. Comprender e describir o proceso da clonación.	BXB1.13.1. Describe as técnicas de clonación animal, distinguindo clonación terapéutica e reprodutiva.	CSC CSIEE CAA
B1.9. Formular os principios da xenética mendeliana, aplicando as leis da herdanza na resolución de problemas sinxelos, e recoñecer a base cromosómica das leis de Mendel.	BXB1.9.1. Recoñece os principios básicos da xenética mendeliana e resolve problemas prácticos de cruzamentos con un ou dous caracteres.	CMCCT CAA CCEC
B1.10. Diferenciar a herdanza do sexo e a ligada ao sexo, e establecer a relación entre elas.	BXB1.10.1. Resolve problemas prácticos sobre a herdanza do sexo e a ligada ao sexo.	CAA CSIEE
B1.11. Coñecer e identificar algunhas doenzas hereditarias, a súa prevención e o seu alcance social.	BXB1.11.1. Identifica as doenzas hereditarias máis frecuentes e o seu alcance social, e resolve problemas prácticos sobre doenzas hereditarias, utilizando árbores xenealóxicas.	CMCCT CSC
EA CORRESPONDENTES Á 2ª AVALIACIÓN		
B1.5. Comparar os tipos e a composición dos ácidos nucleicos, e relacionalos coa súa función.	BXB1.5.1. Distingue os ácidos nucleicos e enumera os seus compoñentes.	CAA CSIEE
B1.6. Relacionar a replicación do ADN coa conservación da información xenética.	BXB1.6.1. Recoñece a función do ADN como portador da información xenética, e relaciónao co concepto de xene.	CAA
B1.7. Comprender e ilustrar como se expresa a información xenética, utilizando o código xenético e resolvendo problemas sinxelos.	BXB1.7.1. Ilustra os mecanismos da expresión xenética por medio do código xenético.	CAA CSIEE
B1.8. Valorar e recoñecer o papel das mutacións na diversidade xenética, e comprender a relación entre mutación e evolución.	BXB1.8.1. Recoñece e explica en que consisten as mutacións e os seus tipos.	CMCCT CAA
B1.12. Identificar as técnicas da enxeñaría xenética: ADN recombinante e PCR.	BXB1.12.1. Diferencia técnicas de traballo en enxeñaría xenética.	CMCCT CSIEE
B1.14. Recoñecer as aplicacións da enxeñaría xenética: organismos modificados xeneticamente (OMX).	BXB1.14.1. Analiza as implicacións éticas, sociais e ambientais da enxeñaría xenética.	CSC CSIEE
3ª AVALIACIÓN (AMPLIACIÓN PARA O ALUMNADO COA 1ª E 2ª AVALIACIÓNS APROBADAS)		
B1.16. Coñecer e describir as hipóteses sobre a orixe da vida e as probas da evolución. Comparar lamarckismo, darwinismo e neodarwinismo.	BXB1.16.1. Distingue as características diferenciadoras entre lamarckismo, darwinismo e neodarwinismo.	CMCCT CAA

B1.17. Comprender e establecer os mecanismos da evolución destacando a importancia da mutación e a selección. Analizar o debate entre gradualismo, saltacionismo e neutralismo.	BXB1.17.1. Establece a relación entre variabilidade xenética, adaptación e selección natural.	CAA
B3.2. Comparar adaptacións dos seres vivos a diferentes medios, mediante a utilización de exemplos.	BXB3.2.1. Interpreta as adaptacións dos seres vivos a un ambiente determinado, relacionando a adaptación co factor ou os factores ambientais desencadeantes deste.	CSC CAA
B3.3. Categorizar os factores ambientais e a súa influencia sobre os seres vivos, e recoñecer o concepto de factor limitante e límite de tolerancia.	BXB3.3.1. Recoñece os factores ambientais que condicionan o desenvolvemento dos seres vivos nun ambiente determinado, e valora a súa importancia na conservación deste.	CMCCT CAA
B3.4. Identificar as relacións intraespecíficas e interespecíficas como factores de regulación dos ecosistemas.	BXB3.4.1. Recoñece e describe relacións e a súa influencia na regulación dos ecosistemas, interpretando casos prácticos en contextos reais.	CMCCT
B3.5. Explicar os conceptos de cadeas e redes tróficas.	BXB3.5.1. Recoñece os niveis tróficos e as súas relacións nos ecosistemas, e valora a súa importancia para a vida en xeral e o mantemento destas.	CAA CSC CCL
B3.6. Expresar como se produce a transferencia de materia e enerxía ao longo dunha cadea ou rede trófica, e deducir as consecuencias prácticas na xestión sustentable dalgúns recursos por parte do ser humano.	BXB3.6.1. Compara as consecuencias prácticas na xestión sustentable dalgúns recursos por parte do ser humano, e valora criticamente a súa importancia.	CSC CCEC
B3.7. Relacionar as perdas enerxéticas producidas en cada nivel trófico co aproveitamento dos recursos alimentarios do planeta desde un punto de vista sustentable.	BXB3.7.1. Establece a relación entre as transferencias de enerxía dos niveis tróficos e a súa eficiencia enerxética.	CAA
B3.8. Contrastar algunhas actuacións humanas sobre diferentes ecosistemas, valorar a súa influencia e argumentar as razóns de certas actuacións individuais e colectivas para evitar a súa deterioración.	BXB3.8.1. Argumenta sobre as actuacións humanas que teñen unha influencia negativa sobre os ecosistemas: contaminación, desertización, esgotamento de recursos, etc.	CSC CCL CCEC
B3.9. Concretar procesos de tratamento de residuos e describir a xestión que dos residuos se fai no seu contorno próximo.	BXB3.9.1. Describe os procesos de tratamento de residuos, e valora criticamente a súa recollida selectiva.	CSC CSIEE
B3.10. Contrastar argumentos a favor da recollida selectiva de residuos e a súa repercusión a nivel familiar e social.	BXB3.10.1. Argumenta os proles e os contras da reciclaxe e da reutilización de recursos materiais.	CSC CAA
B3.11. Asociar a importancia da utilización de enerxías renovables no desenvolvemento sustentable.	BXB3.11.1. Destaca a importancia das enerxías renovables para o desenvolvemento sustentable do planeta.	CSC CCL
B4.1. Planear, aplicar, e integrar as destrezas e as habilidades propias do traballo científico.	BXB4.1.1. Integra e aplica as destrezas propias dos métodos da ciencia.	CAA CMCCT CSIEE
B4.2. Elaborar hipóteses e contrastalas a través da experimentación ou da observación e a argumentación.	BXB4.2.1. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.	CAA CCL CMCCT
B4.5. Presentar e defender en público o proxecto de investigación realizado.	BXB4.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e a súa defensa na aula.	CCL CSIEE CD CMCCT
	BXB4.5.2. Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito.	CCL

Os EA traballados nas actividades que se fixeron no período comprendido entre o inicio da corentena ata a Semana Santa, teranse en conta para a cualificación do alumnado, só cando o beneficien.

2. Avaliación e cualificación.

2.1. Procedementos de avaliación.

1ºESO e 3º ESO	
PROCEDEMENTO	PESO NA NOTA
<p>a) Participación do alumnado, entendida como:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A entrega das tarefas en prazo. As entregadas con posterioridade terán menos ou nula puntuación. • Esfuerzo por completar as tarefas. <ul style="list-style-type: none"> - Interese por resolver dúbidas por medio do correo electrónico ou durante as videoconferencias. - Interese por completar todas as preguntas das tarefas. 	20%
b) Análise das tarefas propostas polo profesorado.	80%

4º ESO	ALUMNADO COA 1º E 2º AVALIACIÓN APROBADAS	ALUMNADO CON ALGUNHA AVALIACIÓN SUSPENSA	
		SEN VOLTA ÁS AULAS	CON VOLTA ÁS AULAS
PROCEDEMENTO		PESO NA NOTA	PESO NA NOTA
<p>a) Participación do alumnado, entendida como:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A entrega das tarefas en prazo. As entregadas con posterioridade terán menos ou nula puntuación. • Esfuerzo por completar as tarefas. <ul style="list-style-type: none"> - Interese por resolver dúbidas por medio do correo electrónico ou durante as videoconferencias. -Interese por completar todas as preguntas das tarefas. 	20%	20%	20%
b) Análise das tarefas propostas polo profesorado.	80%	60%	30%
c) Só no caso do alumnado que teña suspensa algunha avaliación, haberá un exame telemático (ou presencial, se as circunstancias o permiten).	-----	20%	50%

2.2. Instrumentos de avaliación.

- Follas de rexistro das tarefas.
- Caderno anecdotario das sesións de videoconferencia e correos electrónicos.
- Tarefas dos alumnos.
- Probas obxectivas.

2.3. Cualificación final.

CUALIFICACIÓN DA 3ª AVALIACIÓN

- Alumnado con unha única avaliación suspensa: a nota que o alumnado acade na terceira avaliación (obtida da valoración das tarefas de repaso /reforzo que dito alumnado fará na terceira avaliación) pasará a ser tamén a nota da avaliación a recuperar, sempre e cando sexa maior ou igual ca esta; en caso contrario conservarase a inicial.
- Alumnado con dúas avaliacións suspensas: o alumnado terá unha nota no traballo de recuperación da primeira avaliación e unha nota no traballo de recuperación da segunda avaliación, que pasarán a ser a nota da primeira e segunda avaliación respectivamente, sempre e cando sexan maiores ou iguais ca estas; en caso contrario conservarase as iniciais. A nota da 3ª avaliación será a media da 1ª e a 2ª avaliación.
- Alumnado coas dúas avaliacións aprobadas: A cualificación da terceira avaliación será o resultado da media aritmética entre a 1ª e 2ª avaliación á que se lle engadirán todas aquelas valoracións positivas das actividades desenvolvidas no tempo da 3ª avaliación. (Como máximo dous puntos).

$$\frac{\text{Nota 1ª av.} + \text{nota 2ª av.}}{2} + S = C3$$

Sendo $0 \leq S \leq 2$ obtida da puntuación das tarefas de ampliación feitas polo alumnado na 3ª avaliación.

CUALIFICACIÓN ORDINARIA (NOTA FINAL DE XUÑO):

Alumnado con unha ou dúas avaliacións suspensas:

Estableceremos o seguinte criterio para o cálculo da nota final:

Definindo **CF₁** e **CF₂** como segue:

$$\frac{\text{Nota 1ª av.} + \text{nota 2ª av.}}{2} = CF_1 \qquad \frac{\text{Nota 1ª av.} + \text{nota 2ª av.} + \text{nota 3ª av.}}{3} = CF_2$$

A nota final do curso será o **CF máximo obtido de CF₁ e CF₂**, (a que máis beneficie ao alumnado en cada caso).

Se $CF \geq 5$, o alumnado terá aprobada a materia deste curso. En caso contrario deberá acudir á convocatoria extraordinaria de setembro.

Alumnado coa 1ª e 2ª avaliación aprobadas:

No caso de alumnado coas dúas avaliacións aprobadas, a nota final será a mesma nota da 3ª avaliación.

2.4. Cualificación extraordinaria (convocatoria de setembro).

- No caso de poder facerse de forma presencial, a proba consistirá nun exame escrito dos estándares avaliados durante a 1ª e 2ª avaliación.
- No caso de non poder facerse de xeito presencial, pediráselle ao alumnado que entregue de forma telemática uns exercicios nun prazo e forma previamente establecidos e suficientemente publicitados na aula virtual do centro.
- Os estándares de aprendizaxe que o alumnado terá que aprender para a convocatoria de setembro son os mínimos correspondentes á primeira e segunda avaliación (marcados en negro na táboa correspondente).

2.5. Alumnado coa materia pendente.

No presente curso só hai alumnado coa materia pendente de 1º ESO.

A continuación se indican os procedementos e instrumentos de avaliación, así como os criterios de cualificación:

1ºESO pendente		
PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	PESO NA NOTA
<p>c) Rexistro da participación do alumnado, entendida como:</p> <ul style="list-style-type: none">• A entrega das tarefas en prazo. As entregadas con posterioridade terán menos ou nula puntuación.• Esfuerzo por completar as tarefas. <p>- Interese por resolver dúbidas por medio do correo electrónico.</p> <p>- Interese por completar todas as preguntas das tarefas.</p>	<p>- Follas de rexistro das tarefas.</p> <p>- Caderno anecdotario e correos electrónicos.</p>	20%
<p>d) Análise das tarefas propostas polo profesorado.</p> <p>-As tarefas a entregar serán as mesmas que figuraban no Plan de Recuperación da materia pendente.</p> <p>-O alumnado que xa tiña superada a primeira</p>	<p>- Tarefas dos alumnos.</p> <p>(Data límite de entrega: 27 de maio).</p>	80%

<p>metade do curso, só terá que entregar as tarefas correspondentes á segunda metade. (Neste caso farase unha media entre ambas cualificacións).</p> <p>-O alumnado que non superou a primeira metade do curso, terá que entregar as tarefas correspondentes a todo o curso.</p>		
--	--	--

A xefa do Departamento porase en contacto con cada alumn@ para informalo da súa situación, **informalo da data límite de entrega**, e proporcionarlle de novo as actividades, no caso de que extraviasen as xa recibidas no seu día.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).

O equipo directivo fixo unha labor de sondaxe previa e reparto de equipos informáticos e de conexión á rede que garanten que **todo o alumnado ten conectividade**, salvo problemas e incidencias puntuais. Por este motivo, trabállase con todo o alumnado de forma telemática do seguinte xeito:

- Publícase na aula virtual as instrucións do traballo a realizar cada semana, así como os prazos de entrega de tarefas.
- O profesorado está a disposición do alumnado para resolución de dúbidas ou calquera outra necesidade, a través da videoconferencia semanal co horario especificado con toda a aula, utilizando a aplicación subministrada pola administración, ou mediante correo electrónico durante calquera día da semana.

Os **principios metodolóxicos xerais** que estamos a considerar para o desenvolvemento do terceiro trimestre son os seguintes:

- a) Favorecer que o alumnado poida promocionar e titular.
- b) Ter en conta a desigualdade que produce o confinamento entre o alumnado e que se materializa nas diferencias de apoio que pode recibir o alumnado no seu entorno e a dispoñibilidade de recursos tecnolóxicos para desenvolver unha educación non presencial.
- c) Evitar o incremento do estrés propio da situación cunha proposta excesiva de tarefas e actividades educativas a desenvolver neste 3º trimestre. Evitarase a sobrecarga de tarefas a facer polo alumnado e defínese unha organización para o envío das mesmas, contemplando sempre un tempo mínimo prudencial para que o alumnado as poida facer e proceder ao seu envío.
- d) As actividades e tarefas a desenvolver no 3º trimestre terán como obxectivo a recuperación, repaso e reforzo para aquel alumnado con algunha avaliación suspensa, e ampliación para aquel alumnado coa primeira e segunda avaliación aprobadas.
- e) Fomentar o traballo en grupo e interdisciplinar, por iso propuxemos actividades para traballar estes aspectos. Dende o departamento crimos que estas actividades axudarían a mellorar as relacións entre os alumnos nesta situación peculiar.

- f) O profesorado selecciona e adapta as metodoloxías mais axeitadas á situación e ós recursos tecnolóxicos dispoñibles polo seu alumnado e tentárase en todo momento o emprego de recursos mínimos e sinxelos.
- g) Continuar coa atención á diversidade, en coordinación co departamento de Orientación, polo que seguimos elaborando actividades adaptadas para o alumnado con ACI.

ACTIVIDADES

Para todo o alumnado, participamos en Proxectos interdisciplinares, como os xa feitos: “Actividade Efemérides”, para celebrar o **día da Terra**, o **día do Libro** e o **día da Educación Física na Casa**, ademais de fomentar o traballo en equipos pequenos. Mentres que no Proxecto “Cóntanos nun vídeo”, os obxectivos eran favorecer o contacto e o traballo de todo o grupo clase para non perder o vínculo entre eles e co profesorado, acompañalos emocionalmente e motivalos a expresar as súas inquietudes, anhelos e gratitudes, así como motivalos a seguir traballando nas tarefas escolares.

Para aqueles alumnos ou alumnas que teñan que recuperar, estamos levando a cabo ademais tarefas diversas: resumos ou esquemas, boletíns de reforzo, visionado de vídeos con cuestionario, de presentacións dixitais, exercicios do libro de texto, busca e/ou análise de noticias científicas de actualidade, pequena proba escrita.

Para aquel alumnado que ten aprobadas as avaliacións anteriores: Tamén estamos a desenvolver tarefas como resumos ou esquemas, busca e/ou análise de noticias científicas de actualidade, boletíns de ampliación, exercicios do libro de texto, visionado dalgún vídeo ou presentación con cuestionario. Ademais intentaremos, na medida do posible, continuar participando no Proxecto Ríos (Plan Proxecta), a través dalgunha actividade concreta con este alumnado.

MATERIAIS E RECURSOS

- Presentacións dixitais.
- Vídeos da canle de youtube propia e doutras canles educativas.
- Noticias e artigos de actualidade científica.
- Libro de texto: SM Xerme
- Correo electrónico persoal do profesor.
- Videoconferencias a través da plataforma Cisco Webex.
- Aula Virtual do IES As Bizocas.

4. Información e publicidade:

-Esta información publicarase na web do IES As Bizocas, no apartado do Departamento de Bioloxía e Xeoloxía.

-Tamén se informará durante as videoconferencias, e cando se considere necesario, a través do correo electrónico.

-Ademais a dirección do centro informará ás familias a través da aplicación Abalar.